



Plataforma Galega de información ambiental

INFORME ESTADÍSTICO 2019 SOBRE INFORMACIÓN AMBIENTAL

INTRODUCCIÓN

A Lei 27/2006, do 18 de xullo, pola que se regulan os dereitos de acceso á información, de participación pública e de acceso á xustiza en materia de medio ambiente, incorpora as Directivas 2003/4/CE e 2003/35/CE, as cales supoñen, basicamente, a adecuación do dereito comunitario ao Convenio de Aarhus, sobre o acceso á información, a participación do público na toma de decisións e o acceso á xustiza en materia de medio ambiente, feito en Aarhus (Dinamarca), o 25 de xuño de 1998 (Instrumento de Ratificación por España publicado no BOE núm. 40, do 16 de febreiro de 2005).

A disposición adicional oitava da Lei 27/2006 establece que as Administracións Públicas elaborarán e publicarán información periódica de carácter estatístico sobre as solicitudes de información ambiental recibidas.

No marco deste precepto legal, elabórase o Informe estadístico correspondente á anualidade 2019, que contén os datos das solicitudes de información ambiental recibidas a través da Plataforma Galega de Información Ambiental da Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático. Ademais, se inclúe información meteorolóxica e outra de divulgación ambiental. Así mesmo, preséntanse os datos das queixas de carácter ambiental achegadas, principalmente, por particulares.

Sinalar que a partir do 2019 hai unha nova canle de acceso a información ambiental, o Portal GalA, consecuencia da posta en funcionamento da nova Plataforma Galega de Información Ambiental.

1- Solicitudes de información ambiental segundo área e medio de consulta

Na seguinte táboa vense reflectidas as solicitudes rexistradas segundo áreas, subáreas e canle de acceso.


Área	Subárea	Medio de consulta							Total
		Correo electrónico	Correo postal	Fax	Portal GalA	Presencial	Sede electrónica	Teléfono	
Calidade ambiental	IPPC	4	4	0	2	1	5	10	26
	Contaminación atmosférica	3	3	0	5	0	0	11	22
	Contaminación solos	0	0	0	1	0	1	15	17
	Avaliación ambiental	6	2	0	1	1	20	73	103
	Intervención ambiental	0	1	0	0	0	0	9	10
	Residuos	20	4	0	30	0	12	271	337
	Sistemas de calidade ambiental	0	0	0	1	0	0	12	13
	Ruido	0	0	0	1	0	0	7	8
Formación e divulgación ambiental		0	0	0	1	0	0	12	13
Cambio Climático		0	0	0	1	0	0	3	4
Augas		4	0	0	3	0	0	15	22
Costas		2	0	0	0	0	0	3	5
Organismos modificados genéticamente		0	0	0	0	0	0	0	0
Conservación da natureza	Caza e Pesca	0	0	0	1	0	0	6	7
	Espazos protexidos	2	0	0	2	1	1	5	11
	Flora e Fauna	3	0	0	5	0	1	15	24
Enerxía		0	0	0	1	0	0	1	2
Forestais		0	0	0	1	0	0	20	21
Información meteorolóxica	Datos meteorolóxicos	0	0	0	42	0	0	55	97
	Informes meteorolóxicos (taxas)	1	11	2	30	0	8	5	57
	Datos de modelos numéricos	0	1	0	9	0	0	0	10
Información administrativa	Axudas e subvencións	1	0	0	0	0	0	22	23
	Información xeral	2	0	0	9	0	0	28	39
Outras		3	0	0	4	0	2	30	39
TOTAL		51	26	2	150	3	50	628	910

En canto ás áreas, *Calidade ambiental* é a que máis solicitudes rexistrou (58,9% respecto ao total) seguida da área de *Información meteorolóxica*, cun 18%.

O teléfono segue sendo o medio preferido de petición de solicitude, representando o 69% do total das solicitudes, seguido polo portal GalA cun 16,6% e, xa en menor medida, as achegadas por correo electrónico e sede electrónica (entorno ao 5,5% cada unha) e por correo postal, presenciais e fax.


Canle	Número	%
E-mail	51	5,6
Correo postal	26	2,9
Fax	2	0,2
Portal GalA	150	16,5
Presencial	3	0,3
Sede electr.	50	5,5
Teléfono	628	69,0
TOTAL	910	100

Número solicitudes por canle



2- Solicitudes por subárea

Solicitudes por subárea




Residuos é un dos temas que mais solicitudes xerou, acadando un 37% sobre o total, seguido de *Avaliación ambiental*, cun 11,3% (ambas as dúas incluídas na área de Calidade Ambiental).

3- Solicitudes de información segundo o perfil do solicitante

A maior parte das solicitudes foron de empresas (preto dun 50%), seguido de particulares (32%) e administracións.

	Número solicitudes
Administración	147
Asociación /Fundación	47
Empresa	408
Ensino	15
Particular	293
TOTAL	910

Porcentaxe de solicitudes segundo perfil de solicitante



4- Queixas

Se atenderon un total de 74 queixas, especialmente por parte de particulares (85,1%); as restantes corresponden a queixas presentadas por asociacións.

A principal entrada das queixas foi o teléfono e o correo electrónico.

Canle	Número	%
Correo electrónico	19	26
Correo postal	10	14
Portal GalA	5	7
Presencial	3	4
Sede electrónica	3	4
Teléfono	34	46
TOTAL	74	100

A maioría das queixas foron sobre temas de Calidade ambiental.

Área	Número
Calidade ambiental	51
Augas	4
Costas	3
Conservación da natureza	3
Enerxía	0
Forestais	7
Información meteorolóxica	2
Outras	4
TOTAL	74